

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 3 DE SETEMBRO DE 2018.

Alcalde:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Accidental:

D. SALVADOR GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.

1.- APROBACIÓN DA ACTA Nº 35 DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. núm. 35/2018 do día 27 de agosto de 2018.

2.- EXPEDIENTE 4403/2018. APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2018.

Acordouse aprobar o PADRÓN DAS TAXAS POR ABASTECIMENTO DE AUGA E DE SUMIDOIROS (2º TRIMESTRE DE 2018).

3.- EXPEDIENTE 3171/2018. INICIO DO EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN DO USO PRIVATIVO DUN LOCAL SITO NO NIVEL -1 DO EDIFICIO POLIDEPORTIVO MULTIUSOS LALIN ARENA.

Acordouse iniciar o expediente para a concesión do uso privativo dun

local sito no nivel -1 do edificio polideportivo multiusos Lalin Arena, de conformidade coas “BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA OUTORGAR A CONCESION DUN LOCAL VACANTE NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO MULTIUSOS LALIN ARENA (BC022018) (EE3171/2018)”.

4.- EXPEDIENTE 4379/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA "PROMOCIÓN EN REDES SOCIAIS DE TURISMO DE LALÍN E PÁXINA WEB CORPORATIVA".

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 413,22 €, mais 86,78 € correspondentes á partida do IVE (500,00 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018.0.432.22609.02 e Contratar a realización do contrato de servizos denominado “*Promoción Turística, Lalín, unha Vila 1000 experiencias e Promoción en redes sociais de Turismo de Lalín e páxina web corporativa*”, por importe de 500,00 € (IVE incluído).

5.- EXPEDIENTE 4482/2018. CELEBRACIÓN DE CONTRATO MENOR PARA "REPARACIÓN DA FONTE DA ROTONDA DA PRAZA DA MARINA".

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe 797,00 €, mais 167,37 € correspondentes á partida do IVE (964,37 € IVE incluído), con cargo á aplicación orzamentaria do orzamento municipal vixente 2018.0.459.21000.01 e Contratar coa empresa Fontanería Carral S.L. (CIF B94031127), a realización da obra denominada “*Reparación Eléctrica da Fonte da rotonda da Praza da Marina*”, por importe de 964,37 € (IVE incluído).

6.- EXPEDIENTE 3958/2018. APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE TRANSPORTE DE ESTUDANTES E DO PROCESO DE CONCESIÓN DAS BONIFICACIÓN PARA USO DO MESMO DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2018 - 2019.

Acordouse aprobar as bases reguladoras do programa de transporte de estudantes e do proceso de concesión das bonificación para uso do mesmo durante o curso académico 2018 – 2019.

7.- EXPEDIENTE 3290/2018. APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS PARA O ANO 2018.

Acordouse aprobar as BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS PARA O ANO 2018.

8.- EXPEDIENTE 5755/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL DE SEGURIDADE VIARIA E PROTECCIÓN DO PEÓN. PLAN CONCELLOS 2017.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da actuación denominada “ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL DE SEGURIDADE VIARIA E PROTECCIÓN DO PEÓN” por importe de 12.072,69€ euros.

9.- EXPEDIENTE 4374/2018. ALTA DE VADO PERMANENTE.

Acordouse autorizar a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vao permanente nº placa 724.

10.- EXPEDIENTE 4318/2018. AUTORIZACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE VADO PERMANENTE.

Acordouse proceder ao cambio de titularidade de vao permanente.

11.- EXPEDIENTE 4459/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DA AULA CEMIT PARA IMPARTICIÓN DE CURSO DE FORMACIÓN.

Acordouse conceder autorización municipal para utilizar a Aula Cemit os días 17, 18, 19, 20 e 21 de setembro de 2018, en horario de 09:30 ás 13:30 horas, para a realización dun curso de “Empoderamento Dixital” coas persoas usuarias do proxecto de emprego da Cruz Vermella.

12.- EXPEDIENTE 4195/2018. SOLICITUDE DE CORTE DE RÚA E OUTRAS PETICIÓNS EN RELACIÓN A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE DONRAMIRO.

Acordouse conceder autorización con motivo de celebrar as Festas Patronais na Honra da Sra. Do Monserrat, os días 8, 9 e 10 de setembro de 2018,

- O Peche da Avda. Do Monserrat, para as diversas atraccións que se colocaran na mesma.
- Autorización da colocación de pancartas publicitarias para a Rúa Donramiro, Avda. Monserrat e rúa do Castro.
- Contenedores de lixo (entre 8 e 10).
- Limpeza do campo da festa.
- Enganche de auga solicitado a empresa Espina & Delfín.

13.- EXPEDIENTE 4275/2018. CORRECIÓN DE ERROS IMPORTE DE FACTURA.

Acordouse enmendar o erro detectado, recoñecemento da obriga a favor de M^a D.F.S por importe de 786,50 €, o desconto de 97,50 en concepto de IRPF profesionais, e se proceda ó pagamento líquido de 689,00 €.

14.- EXPEDIENTE 1873/2018. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA "ACCESIBILIDADE NO CASCO URBANO". PLAN CONCELLOS 2018-2019 (ANUALIDADE 2018). LIÑA 1.

Dase conta da concesión de subvención para o investimento "Accesibilidade no casco urbano", incluído no Plan Concellos 2018-2019, Liña 1, por importe de 25.778,72 €.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4346/2018. PROPOSTA DE GASTO.

Acordouse aprobar a relación N^o 00047 por importe de 242.947,34 €.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4157/2018. BASES OCUPACIÓN ATRACCIÓNS DE FEIRA FESTAS 2018.

Acordouse proceder a corrección de erros táboa do inicio do expediente da aprobación das bases técnicas e administrativas que rexerán a concesión de autorizacións para a instalación de atraccións de feira na zona da Regueiriño durante as festas patronais do ano 2018.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son **as 19:45 horas** do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Accidental, dou fe.